

4.6 Concreción para 2º Bacharelato.

SEGUNDO DE BACHARELATO					
ESTÁNDARES	1ª AV.	2ª AV.	3ª AV.	GRAO MÍNIMO	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
RE1.1.1 Comprende e respecta o significado bíblico da afirmación "home e muller os creou".		x	x	O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CCL_EO_1	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Proc: Análise da produción dos alumnos. * Instr: Caderno de clase/blog.
RE 1.2.1 Coñece e explica os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desenvolvemento e o final da vida.	x	x		O especificado na rúbrica RE_R 2ºBACH _CCL_EE_2	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Proc: Intercambios orais cos alumnos. * Instr: Guión de entrevista para comunicación verbal planificada.
RE1.2.2 Posúe argumentos para defender ou dar razóns, dende a posición cristián, ante situacións reais ou supostas que se propoñen na clase.	x	x	x	O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CSC_RD (traballo grup)_6	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Cuestionario. * Cuestionarios.

RE2.1.1 Descubre e valora o sentido humanizador que ten o traballo.	x	x	x	O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CCL_CO_3	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Observación sistemática. * Análise sistemático das tarefas realizadas na clase.
RE2.2.1 Propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais e internacionais para facer o mundo máis humano.	x	x		O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CSC_RD (traballo grup)_6	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Análise da produción dos alumnos. * Producción oral.
RE3.1.1 Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián, resaltando as súas aportacións ao ámbito da ciencia e da técnica.	x	x		O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CAA_PA_5	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Análise da produción dos alumnos. * Xogos de simulación e dramáticos.

RE3.3.1 Aprende, acepta e respecta que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade humana.	x		x	O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CAA_PA_5	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Probas específicas. * Exposición dun tema.
RE4.1.1 Nomea e explica situacións históricas nas que a Igrexa defendiu con radicalidade ao ser humano e xustifica a elección realizada.		x	x	O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CCL_CE_4	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Probas específicas. * Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumnos escolla, sinala ou complete con termos pareados.
RE4.2.1 Selecciona obras de arte, investiga sobor do autor e descubre o seu sentido relixioso. Elabora un material creativo que permite coñecer a eses artistas.	x	x		O especificado na rúbrica RE_R2ºBACH_CSC_RD (traballo grup)_6	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Análise da produción dos alumnos. * Monografía.

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Están contempladas no artigo 11 do Decreto onde di *A metodoloxía didáctica nesta etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.*

A metodoloxía cooperativa é unha metodoloxía que permite ao alumnado sentirse activo, formar parte dun equipo, e ter unha escola inclusiva e non selectiva. Se o alumnado está activo, está a facer cousas, estamos poñendo medios conducentes a reducir as condutas disruptivas e estamos a evitar que se propague esa conduta a outros alumnos ou alumnas, é dicir, se o alumno ou alumna non se aburre é máis doado que se comporte correctamente.

A metodoloxía empregada parte do estándar de aprendizaxe (EA) o que nos vai permitir traballar por competencias, facer actividades de aprendizaxe integradas que traballen EA de diferentes bloques e avanzar no currículo.

Concretamente na materia de Relixión Católica *as tarefas do profesor/a* serán:

- Informar e expoñer con antelación a un exercicio comunicando o material necesario para a súa elaboración.
- Presentar o tema ou o asunto sobre o que vai desenvolverse a sesión do día.
- Ilustrar mostrando suficiente material visual para complementar o discurso teórico. As imaxes serán tanto as existentes nos arquivos dixitais dispoñibles na rede como as solucións aportadas polo alumnado en cursos anteriores. (Case o 90% do alumnado de Relixión dispón dun blog ou portfolio persoal de cursos anteriores onde vai recollendo diversas aportacións, o 10% restante usa caderno en papel).
- Explicar: definirase claramente a natureza dos exercicios, qué facemos, para qué o facemos, a qué cuestións temos que dar resposta, qué procedementos empregaremos, cales son os materiais máis axeitados para cada proposta e cómo traballaremos (individualmente, en grupo pequeno, en gran grupo...). Cando sexa necesario serán os propios alumnos os que corrixan publicamente os exercicios.
- Orientar: daranse pautas individualizadas para que cada alumno/a obteña o mellor resultado posible.
- Avaliar/ autoavaliarse: segundo as rúbricas axeitadas. Tralos resultados, faremos unha análise da metodoloxía empregada, unha autocrítica e unha crítica por parte do alumnado.
- Corrixir o blog ou caderno persoal do alumno coas rúbricas correspondentes .

Serán tarefas do alumnado:

- Custodiar o material que lle proporciona o centro para o uso das novas tecnoloxías.
- escoitar e mirar con atención as explicacións.
- Non perturbar o normal desenvolvemento da clase.
- Participar e colaborar en crear un clima propicio para o aprendizaxe.
- Preguntar ordenadamente para solucionar dúbidas.
- Atender e respectar as dúbidas e opinións dos compañeiros/as.
- Buscar e aportar ideas e solucións ás preguntas formuladas polo profesor/a.

- Elaborar a proposta de traballo seguindo as instrucións e orientacións do profesor/a.
- Non plaxiar traballos realizados por terceiros.
- Autoavaliarse e solicitar aclaracións no caso de non comprender algunha corrección.

Ademais das publicacións en Internet, poderán expoñerse publicamente outras tarefas realizadas para disfrute e aproveitamento de toda a comunidade educativa.

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.

- Aula virtual e web do propio Centro.
- Caderno persoal de alumno ou blog ou portfolio.
- Materiais do repositorio Abalar.
- Fichas das carpetas de recursos do Departamento.
- Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II, etc.)
- Revistas, diarios, información do Terceiro Mundo.
- Comentarios de texto (especialmente para 1º e 2º Bacharelato).
- Videoteca e bibliografía da Biblioteca do Instituto.
- Exposición en paneis, murais.
- Diversos recursos lúdico-relixiosos tanto en papel como na Rede.
- Cancións e actividades musicais.
- Xogos e dinámicas grupais.
- Presentacións en Power-Point, Prezi e noutros recursos on-line.
- Exercicios de valores.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Os criterios sobre a avaliación que imos a expoñer neste apartado son os indicados pola Comisión Episcopal de Enseñanza nas resolucións seguintes:

- * RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2015, pola que se publica o currículo de Relixión Católica da Educación Secundaria Obrigatoria segundo a Comisión Episcopal de Ensinanza.
- * RESOLUCIÓN do 13 de febreiro de 2015, pola que se publica o currículo de Relixión Católica para Bacharelato segundo a Comisión Episcopal de Ensinanza.

CRITERIOS DE AVALIACION PARA 1º ESO

Bloque 1. O sentido relixioso do home